

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 2 DE XULLO DE 2020

Ás 10:20 horas do día 2 de xullo de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 29 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño (asiste aos puntos 5 e 11)  
D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez (asiste a todos os puntos agás o 5 e 11)
- Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D. Secundino Otero Faílde, xefe do Servizo de Medio Ambiente (asiste aos puntos 2a e 4a)  
D<sup>a</sup>. María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste aos puntos 2c e 4c)  
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 5, 6 e 11)
- Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (11.979-255) (emenda de documentación)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores presentados neste procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 25 de xuño de 2020, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. PINTEGA XARDINS, S.L.
2. SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 22:36	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A84F-EBC438-DE4HB8-YWMDH1-LRJLQ3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Os dous licitadores presentaron documentación en prazo. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

- PÍNTEGA XARDINS, S.L.
- SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L.

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas (14.597-306) (emenda de documentación)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores presentados neste procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 25 de xuño de 2020, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. FORESTAL SANTOMÉ, S.L.U.
2. LAPATIAN, S.L.

Os dous licitadores presentaron documentación en prazo. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado a documentación esixida para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

- FORESTAL SANTOMÉ, S.L.U.
- LAPATIAN, S.L.

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras do sexto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.721-307) (emenda de documentación)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores presentados neste procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 25 de xuño de 2020, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días a LAPATIAN, S.L. para que emendase a documentación persoal. O referido licitador presentou a documentación dentro do prazo concedido. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a LAPATIAN, S.L. porque a pesar de non ter atendido correctamente ao requirimento do 26 de xuño de 2020, a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 22:36	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A84F-EBC438-DE4HB8-YWMDH1-LRJLQ3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



documentación requirida foi presentada correctamente no expte. 14.597-306, polo que consta en poder desta Administración.

#### 4.- Apertura da documentación técnica

##### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (11.979-255)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

##### b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas (14.597-306)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

##### c) Procedemento aberto para a contratación das obras do sexto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.721-307)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

#### 5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

##### a) Procedemento aberto para a contratación das obras de urbanización dos espazos intersticiais na estación intermodal de Vigo (561-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial de Vías e Obras, o técnico medio en



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/05/2024 22:36

Páxina 3 de 5

ACTAS PERFIL CONTRATANTE

CSV: A3A84F-EBC438-DE4HB8-YWMDH1-LRJLQ3-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Topografía da Área de Fomento e a técnica media de Obras Públicas da oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal o 29 de xuño de 2020 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

## 6.- Apertura económica

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras de urbanización dos espazos intersticiais na estación intermodal de Vigo (561-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	1.172.248,00 €
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	1.129.436,53 €
3	ORECO, S.A.U.	1.116.917,49 €
4	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	1.221.513,42 €
5	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	1.215.375,16 €
6	UTE ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A. - NAROM, S.L.	1.208.623,07 €

Asisten á apertura: D. Daniel Ortega González, con DNI \*\*.10.77\*, en representación de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.; D. Tomás Olarte Sanz, con DNI \*\*.90.62\*, en representación de ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.; e D. Celso Manuel Piñeiro Malvar, con DNI \*\*.68.07\*, en representación de CIVISGLOBAL, S.L.U.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

## 11.- Propostas de adxudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Remodelación do enlace do P.Q. 5+000 da autoestrada AP-9V. Tramos: conexión estación intermodal-AP-9, túnel Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos" (431-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación comunica que con data 29 de maio de 2020 se notificou ao licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento, UTE ELETREINTAYUNO PREVENLAB, S.L.U. - ALAUDA INGENIERÍA, S.A., a resolución de clasificación e o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 22:36	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A84F-EBC438-DE4HB8-YWMDH1-LRJLQ3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



requirimento da presentación da documentación esixida no artigo 150.2 da LCSP e no PCAP.

O licitador presentou a documentación requirida nas datas 11 e 12 de xuño de 2020. Logo da súa cualificación a Mesa acordou, por unanimidade, conceder un prazo de tres días á UTE ELETREINTAYUNO PREVENLAB, S.L.U. – ALAUDA INGENIERÍA, S.A. para que puidese acreditar a solvencia económica de ELETREINTAYUNO PREVENLAB, S.L.U. tal e como esixe a cláusula 8 do PCAP.

Dentro do prazo concedido, UTE ELETREINTAYUNO PREVENLAB, S.L.U. – ALAUDA INGENIERÍA, S.A. presentou a documentación a requirida. Logo da súa cualificación a Mesa considerou que é correcta.

No entanto, de conformidade co disposto no apartado 16I do Anexo I -FEC- do PCAP a "A *adxudicación deste contrato* está condicionada á *formalización da Adenda modificativa ao Convenio subscrito o 31 de maio de 2018, segundo o establecido na disposición adicional 3ª.2 da LCSP, por estar condicionada a esta Addenda a adxudicación das obras de "REMODELACIÓN DO ENLACE DO P.Q. 5+000 DA AUTOESTRADA AP-9V"*.

O xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario confirma que a addenda aínda non se formalizou polo que a Mesa acorda que non procede, neste momento, propoñer a adxudicación deste contrato.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:25 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 22:36	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A84F-EBC438-DE4HB8-YWMDH1-LRJLQ3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		